



PROPOSTA DE INICIO DE CONTRATACIÓN E MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA O subministro de materiais e repostos diversos para o mantemento e reparacións dos vehículos e maquinaria do parque Mobil.

O Xefe do Parque Mobil Provincial en funcións, D. Manuel Pillado Rego, con relación ao subministro de **materiais e repostos diversos para o mantemento e reparacións dos vehículos e maquinaria do parque Mobil**, co obxecto de poder cumprir os fins institucionais que ten encomendados, propón que se inicie a seguinte contratación:

1- Necesidade a satisfacer:

O Servizo do Parque Mobil ten nestes momentos 46 vehículos, 12 camións e 18 máquinas traballando, polo que é necesario realizar un mantemento dos mesmos para o seu correcto funcionamento, así como realizar, con medios propios as reparacións das avarías que poidan xurdir.

Asimesmo, despois da extinción do organismo autónomo INLUDES, e dende o 1 de xaneiro de 2013, este Parque Mobil xestiona os gastos referentes ao mantemento e avarias da maquinaria da Granxa Gaioso Castro, con cargo a partida orzamentaria correspondente.

Na Granxa existen nestes momentos 19 máquinas, tractores, motosegadora, palas, etc, e 11 máquinas arrastradas (remolque, carro mezclador, empacadora...). Todas elas necesarias para desempeñar as funcións propias da Granxa.

A marca, modelo, e matriculación, de ditos vehículos e máquinas sinalase no prego de prescricións técnicas, sen prexuízo das altas e baixas que se poidan producir ó longo do contrato.

Polo anteriormente exposto estímase oportuno iniciar unha nova contratación para cubrir as necesidades deste Servizo, considerando o conxunto dos vehículos e equipos dos que resulta preciso a adquisición de pezas recambios e demais elementos para garantir o seu correcto estado de traballo, uso, conservación, seguridade e ornato.

A necesidade desta prestación resulta evidente polas seguintes razóns:

A Deputación ten montado un Parque Mobil de tradición nesta institución que executa de forma directa, prestacións nos termos do artigo 30 da LCSP. Conta a estes efectos con numerosos medios materiais e humanos adecuados para a reparación das vías provinciais e municipais. A prestación dos servizos se realiza pola propia Administración, polos seus propios medios, o que implica que Os vehículos e maquinaria utilizados para este fin, deban atoparse en perfectas condicións de mantemento conservación e seguridade..

E de todos coñecido a extensión da Rede Viaria Provincial e municipal (aproximadamente 4.200 KM) e a problemática da dispersión da poboación no territorio provincial, con innumerables núcleos de poboación. E un obxectivo prioritario da institución, como figura en documentos estratéxicos da Deputación, a accesibilidade en toda a provincia e o equilibrio interterritorial.

Doutra banda tratase de evitar situacións que se materialicen en reclamacións de responsabilidade patrimonial polo mal estado das vías que se tratan de corrixir con este tipo de actuacións tendentes a adecuada conservación das estradas provinciais.

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV67SIATYA465HMYBT754QBFKY	Fecha	03/07/2020 12:47:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Firmante	MANUEL PILLADO REGO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SIATYA465HMYBT754QBFKY	Página	1/5



**2- Obxecto do contrato:**

Subministro de recambios e materiais diversos para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria nos talleres do Parque Mobil, segundo os lotes que se detallan :

LOTES	CPV
Lote 1: Pezas e repostos, aceites, graxas e aditivos para vehículos lixeiros, turismos, vehículos pesados, camiións e furgonetas, maquinaria pesada, máquinas de obras públicas e semiremolques, tractores, maquinaria agrícola e maquinaria de xardinería	34913000-0 Piezas de recambio diversas
Lote 2: Pneumáticos para todos os vehículos e máquinas.	34350000-5 Neumáticos para vehículos ligeros y para vehículos pesados
Lote 3: Ferramenta e materiais de desgaste para o taller do Parque Móbil, así como ferramentas para que os peóns poidan realizar o seu traballo.	44316000-8 Ferretería
Lote 4: Material de limpeza para os vehículos e máquinas do Parque Móbil.	39830000-9 Productos de limpieza

A división dos lotes tense realizado en función da tipoloxía do subministro , e a especificidade dos materiais a subministrar , distinguindo as diversas necesidades do parque móbil.

3- Prezo:

95.500,00 (IVE incluído). Dado que se prevé que o vindeiro mes de outubro esté en funcionamento o presente contrato , e ao ter un ano de duración, afectará aos exercicios 2020 e 2021 desglosándose o orzamento da seguinte forma:

LOTES	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE INCLuíDO)
Lote 1: Pezas e repostos, aceites, graxas e aditivos para vehículos lixeiros, turismos, vehículos pesados, camiións e furgonetas, maquinaria pesada, máquinas de obras públicas e semiremolques, tractores, maquinaria agrícola e maquinaria de xardinería	55.000,00 € Parque Móbil 14.000,00 € Granxa Total Lote: 69.000,00 euros
Lote 2: Pneumáticos para todos os vehículos e máquinas.	14.000,00 € Parque Móbil 3.000,00 € Granxa Total Lote: 17.000,00 euros
Lote 3: Ferramenta e materiais de desgaste para o taller do Parque Móbil, así como ferramentas para que os peóns poidan realizar o seu traballo.	3.000,00 euros
Lote 4: Material de limpeza para os vehículos e máquinas do Parque Móbil.	5.500,00 € Parque Móbil 1.000,00 € Granxa Total Lote:6.500,00 euros

Os importes de cada lote toman como referencia as necesidades regulares do servizo en cada grupo de materiais a subministrar.

Aslmesmo, para adecuar o cálculo do orzamento base de licitación neste contrato, tivéronse en conta a desagregación do mesmo nos seus custos directos (materias primas e custo do persoal), custos indirectos (gastos xerais de produción, comerciais, administración e financeiros) e outros custos eventuais, e o beneficio industrial do contratista. Para a estimación da súa correcta desagregación, considerando os prezos de mercado que de xeito regular se satisfán por prestacións análogas.

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV67SIATYA465HMYBT754QBFKY	Fecha	03/07/2020 12:47:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Firmante	MANUEL PILLADO REGO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SIATYA465HMYBT754QBFKY	Página	2/5





Custos directos 79% 75.445,00
 Custos indirectos 15% 14.325,00
 Beneficio industrial 6% 5.730,00

Estas estimacións están baseadas no descomposto de prezos que se puido extraer de adquisicións precedentes non obstante dependen en gran medida da estrutura de custos de cada empresa, e das súas dimensións.

4.-DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de duración deste contrato será de un ano, prorrogable por anualidades, ate un máximo de 3. (1+1+1).

A duración do contrato prevista ten razón de ser na flutuación dos prezos do mercado debido ós compoñentes dos materiais , asimesmo , por considerar as variacións na composición dos elementos do parque móbil , fan preciso que a licitación do contrato se produza con certa regularidade.

5. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E PONDERACIÓN DOS MESMOS.

Valorarase, ademais do prezo, a redución dos prazos de entrega, dada a importancia de que os artigos se entreguen á Deputación no prazo mais breve posible desde a formulación da solicitude.

PUNTUACIÓN DAS OFERTAS

As puntuacións das proposicións determinarase con arranxo a fórmulas matemáticas, non existindo criterios dependentes dun xuízo de valor.

a) **Prezo.-**

1. **Oferta económica. Valorarase ata un máximo de 95 puntos.**

Establécese un prezo máximo por cada un dos artigos, o licitador debe facer unha oferta de baixa global para todos eles.

A rebaixa expresarase en % axustado a un máximo dous decimais .

Para o lote 1 os prezos máximos unitarios veñen marcados polas tarifas reflectidas na guía oficial de taxacións ou aplicación de uso xeral a tal efecto, gtmotive, audatext ou similar , que deberá aportar o adxudicatario, garantindo o acceso da administración a dita ferramenta de valoración durante toda a execución do contrato.

Os prezos unitarios máximos para o lote 2 serán as tarifas oficiais do fabricante que deberán aportar coa súa oferta.

Para os lotes 3 e 4 valorarase a maior porcentaxe de baixa ofertada sobre os prezos unitarios dos artigos recollidos no Prego de Prescricións Técnicas. (o licitador debe de ofertar unicamente un porcentaxe de baixa que se aplicará a tódolos produtos)

Para a valoración deste apartado terase en conta:

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV67SIATYA465HMYBT754QBFKY	Fecha	03/07/2020 12:47:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Firmante	MANUEL PILLADO REGO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SIATYA465HMYBT754QBFKY	Página	3/5





- Aquelas proposicións que oferten 0 ou en branco serán equiparadas ó tipo de licitación como baixa do 0%, sempre que acheguen a guía de taxacións de aplicación, caso do lote 1, ou as tarifas do fabricante no caso do lote 2 .
- Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver PCAP
- Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á porcentaxe de baixa ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación} = (D_i * 95) / D_{\text{max}}$$

- Onde D_i = Desconto ofertado pola empresa i que se valora
- D_{max} : Desconto máximo de entre todas as ofertas presentadas

2. Redución de prazo ordinario de entrega. Valorarase ata un máximo de 5 puntos.

Valorarase o menor tempo de entrega que supoña unha rebaixa porcentual sobre os máximo esixidos. A rebaixa expresarase en % axustado a un máximo dous decimais .

O licitador debe de ofertar unicamente un porcentaxe de redución de prazo a aplicar ó previsto nos pregos para cada caso que se aplicará a tódolos produtos.

Sobre dito porcentaxe de redución de prazos de entrega, se aplicará a seguinte fórmula directamente:

As reducións de prazo superiores ó 60% aínda que se admitan , obterán a puntuación que lle corresponda á unha redución do prazo de entrega igual ó 60% , sen prexuízo de que lle será esixido o estrito cumprimento da oferta formulada que sexa maior ó dito porcentaxe do 60%

$$\text{Puntuación} = (T_b * 5) / T_i$$

Onde T_i = Tempo de entrega ofertado pola empresa i que se valora
 T_b : Tempo de entrega máis baixo de entre todas as ofertas presentadas

Para a valoración deste apartado terase en conta:

- Aquelas proposicións que oferten 0 ou en branco serán equiparadas ó prazo máximo de entrega como baixa do 0% .

Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á porcentaxe de redución de prazo ofertado. O prazo máximo de entrega son 24 horas. Respecto da esixencia de cumprimento da oferta ó adxudicatario , considerarase o prazo máximo de 24 horas, realizando os redondeos a alza ou á baixa por fraccións de 1 hora.

7. RESPECTO DA SOLVENCIA TÉCNICA E ECONÓMICA A ESIXIR ÓS LICITADORES

Non se propón ningunha variación respecto da que comunmente veña esixíndose por esta administración dado que a mesma que se puido consultar na plataforma de

Código Seguro de Verificación	IV67SIATYA465HMYBT754QBFKY	Fecha	03/07/2020 12:47:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Firmante	MANUEL PILLADO REGO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SIATYA465HMYBT754QBFKY	Página	4/5





contratos nos expedientes de subministración mais recentes, resultando adecuada e proporcionada para o seu establecemento no presente expediente.

8. RESPONSABLE DO CONTRATO

O responsable do contrato será o o Xefe do Parque Mobil Provincial ou que desenvolva as súas funcións

9. VOGAL DA MESA DE CONTRATACIÓN

Proponse como vogal da mesa de contratación ao Xefe do Parque Mobil Provincial ou que desenvolva as súas funcións e como suplente á Xefa de negociado do Parque Móbil.

O XEFE DO PARQUE MÓBIL EN FUNCIÓNS:

Manuel Pillado Rego

CONFORME E TRAMÍTESE:

O PRESIDENTE,

P.D. Decreto de data 26-07-2019

O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV67SIATYA465HMYBT754QBFKY	Fecha	03/07/2020 12:47:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Firmante	MANUEL PILLADO REGO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SIATYA465HMYBT754QBFKY	Página	5/5

